



## MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

### 'Museos, Sostibilidade e Benestar'

Para anunciar a ampla e variada programación que para o mes de maio deste 2023 preparamos os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo, inspirámonos no lema que o ICOM propón para celebrar o Día Internacional dos Museo 2023: Museos, Sostibilidade e Benestar.

Como xa sabedes as amigas e amigos que adoitades participar nas nosas actividades, os nosos museos son, sobre todo, sociais e de comunidade; por tanto, por enriba de calquera outra consideración, as nosas actividades guías a sostibilidade do medio que habitamos e o benestar das persoas que nos rodean.

Este mes, ademais do DIM (18 de maio) e a Noite dos Museos (20 de maio), tamén nos trae o Día das Letras Galegas (17 de maio), que nesta ocasión vai dedicado a un traballador incansable pola nosa cultura como foi Francisco Fernández del Riego.

Desde cada museo da RMPL, desde as súas peculiaridades e realidades sociais, centrados no Territorio e na Cultura, sempre coa mirada atenta á perspectiva de xénero, compartimos saberes e experiencias e convidámose a que o fagas canda nós.

#### PROGRAMA

##### 5 de maio

##### XXI XORNADAS PEDAGÓXICAS 2023

*A educación na RMPL centrada nos vínculos. Territorio, patrimonio e comunidade: educar no rural.*

Datas e lugares: 3 de maio (Museo Provincial de Lugo), 5 de maio (Museo Fortelza San Paio de Narla), 24 e 25 de maio (Museo Pazo de Tor).

##### 17 de maio

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Galaxia narrativa

Formato en liña e para todas as idades.

Celebraremos o Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Francisco Fernández del Riego, explotando a nosa faceta creativa, elaborando relatos que despois compilaremos e publicaremos nas nosas redes.

## 20 de maio

### NOITE DOS MUSEOS

A partir das 18:00h e para todas as idades.

Con motivo do lema “Museos, sostibilidade e benestar” para o Día Internacional dos Museos 2023, realizaremos as seguintes actividades:

- Andaina popular cara á Fortaleza, imaxinaremos a vida pasada desde o presente.
- Merenda/cea. Segundo as condicións climatolóxicas farase na contorna ou na Fortaleza.
- Xogos populares.

\*\*\*

**Museo Fortaleza San Paio de Narla.** Narla (Friol). Tfno.: 982 375 156 / [sanpaiodenarla@museolugo.org](mailto:sanpaiodenarla@museolugo.org)

**Xerencia Rede Museística.** Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org) / [comunidadermpl@gmail.com](mailto:comunidadermpl@gmail.com)

